

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de xaneiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e oito de xaneiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(84).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión..

2(85).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO REAL CLUB CELTA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN COMPRENDIDAS NO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DE BALAÍDOS. EXPTE. 3016/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, da mesma data, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, Transportes e Contratación e polo asesor xurídico da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O estadio de fútbol municipal de Balaídos é a instalación deportiva máis representativa da Cidade en canto que no mesmo disputa os seus encontros oficiais o Real Club Celta de Vigo, militante nas máis altas divisións do fútbol español.

O proxecto inicial do estadio, redactado polo arquitecto Jenaro de la Fuente a principios do século pasado, plasmou nunha obra que, alonxada do proxecto orixinal, foi obxecto de sucesivas obras de mellora e ampliación, a última das cales —a demolición e reconstrución da nova Grada de Río— data de principios dos anos 80, con ocasión da elección de Vigo como unha das sedes do Mundial de Fútbol de 1982; obras e ampliacións que deron lugar ás actuais instalacións do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, que pola súa antigüidade carecen da operatividade e funcionalidade que hoxe require este tipo de equipamento deportivo.

II.- A importante proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que implica a presenza do Real Club Celta de Vigo nas altas divisións do fútbol español, coa súa significativa incidencia en importantes sectores económicos da Cidade, dunha parte; e a antigüidade e inadecuación das actuais instalacións do estadio ás necesidades actuais, por outra, determinaron ao Concello de Vigo a iniciar o necesario proceso de transformación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos co fin de modernizar e adaptar as súas instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa, das mesmas, así como a transformar a imaxe obsoleta do recinto, co obxecto de proporcionar ás instalacións unha imaxe formal conxunta e identificativa do estadio.

III.- Por Decreto do Alcalde, de data 3 de xuño de 2014, delegouse no Concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do expediente conducente o desenvolvemento da actuación de nominada “Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos”.

IV.- O devandito proceso de transformación foi iniciado dende a Área de Fomento, Transportes e Contratación, co encargo e redacción, por parte de arquitecto Pedro de la Puente Crespo, en setembro de 2014, do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Balaídos”, en base as propostas realizadas polo Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, como usuario das instalacións, e no que se contempla a súa execución por fases en relación a cada unha das catro gradas do estadio: “Río”, “Tribuna”, “Marcador” e “Gol”, e desta maneira poder enmarcar as actuacións previstas xa en licitación para a grada de Río dentro do mesmo.

V.- Por decreto do Alcalde de data 5 de decembro de 2014, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Transporte e Contratación, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a coordinación, dirección política e técnica, xestión, seguimento, tramitación e execución do DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIIDOS.

VI.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2014, Aprobou o PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIIDOS, redactado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, coa finalidade de servir de referencia as actuacións para a súa remodelación e modernización, e convertelo nunha referencia deportiva e turística da Cidade.

Dito Plan Director figura como anexo a este expediente e recolle as actuacións previstas como necesarias aos indicados fins, agrupadas e secuenciadas de xeito ordeado para evitar retrasos e

interferencias coa actividade habitual da instalación deportiva. O seu orzamento estimado total é de 29.453.535,80 euros.

VII.- Doutra parte, o Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración co Real Club Celta de Vigo, S.A.D. a fin de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación por acordo de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, na que se fixou o prazo de vixencia do convenio para a utilización das ditas instalacións ata o ano 2034. Fundamento de tal convenio foron a importe proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que implica a militancia do Real Club Celta nas máis altas divisións do fútbol español; a significativa incidencia directa da actividade deste club deportivo en sectores económicos da Cidade, como son o turismo, a hostaleira e o comercio; a importante labor que esta entidade deportiva desempeña na formación da mocidade e, en fin, o arraigo do Real Club Celta e das súas seccións deportivas na historia da cidade de Vigo, que representaron e seguen a representar na actualidade un dos elementos máis relevantes para o recoñecemento da nosa Cidade no resto de España e incluso, no extranxeiro.

VIII.- Tras coñecer o Real Club Celta, S.A.D. o propósito municipal de acometer a remodelación e modernización do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, a dita entidade deportiva manifestou ao Concello de Vigo o seu desexo de colaborar na execución e financiación do dito proxecto, nos termos que se recollen no convenio cuxa aprobación se propón e isto por resultar o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. especialmente beneficiada polas obras previstas no devandito Plan Director, tanto como usuaria do estadio e responsable do seu mantemento, no que, manifesta leva invertido xa mais de tres millóns de euros.

IX.- En relación coa primeira fase do Plan Director —execución da Grada de Río—, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014, aprobou o proxecto “OBRAS E REFORMA DE CUBERTA DA GRADA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS” FASE 1 E FASE 2”, co seguinte investimento:

Fase I: 1.680.000,00 euros.

Fase II: 2.560.250,88 euros.

Total: 4.240.250,88 euros.

X.- A colaboración proposta a través deste expediente, ademáis de referirse á financiación das obras, consiste na asunción por parte das dúas entidades, do compromiso recíproco de realizar e achegar os estudos necesarios e á definición dos proxectos básicos e de execución para a realización de parte das obras previstas no PLAN DIRECTOR. En virtude do convenio, o Real Club Celta de Vigo, SAD asumiría a obriga de elaborar ou encargar os estudos e os proxectos das obras que lle corresponda executar; sufragar tales estudos e proxectos e os custes da súa execución, así como participar na comisión de seguimento, cuxa creación inclúe no convenio coas funcións que no mesmo se especifican.

XI.- Á vista desta proposta de colaboración do Real Club Celta de Vigo, o Concelleiro delegado de Fomento, no marco da delegación de competencias decretada con data 5 de decembro de 2014 polo Alcalde, e considerando a inicial conveniencia e oportunidade da conclusión do convenio proposto, dispuxo que polos servicios técnicos municipais se procedese a redacción dunha proposta de convenio, para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, no que se concretaran os acordos pertinentes para a adecuada definición e execución das obras que o Concello de Vigo e o Real Club Celta pretenden realizar no estadio de Balaídos, que se recolle no anexo á presente proposta de acordo.

XII.- O Real Club Celta de Vigo, SAD, con data 25 de xaneiro presta a súa conformidade a este convenio.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- Os artigos 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 80.2.n) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación á Comunidade Autónoma de Galicia, atribúen ás Administracións municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Segunda.- O convenio cuxa aprobación se propón é un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., dos que, con carácter xeral e ó abeiro dos artigos 88.1 LRXPA, 111 TRRL e 4.1.d) e 25 Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (en lo sucesivo TRLCSP) —no que ás entidades locais especificamente se refire— poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a promoción do deporte e a ocupación do tempo libre (artigo 25.2.l LRBRL). O seu obxecto, de acordo co artigo 4.1.d) do TRLCSP, está excluído da ámbito da aplicación da dita lei.

Terceira.- As razóns expostas nos antecedentes deste acordo xustifican cumpridamente a aprobación do convenio redactado a partir da proposta formulada polo Real Celta de Vigo SAD.

Cuarta.- Os pactos que o proxecto de convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Quinta.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio.

Polo exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., que figura como anexo a esta proposta, para a execución de actuacións comprendidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS.

Segundo.- Darlle traslado do mesmo ao Sr. Alcalde competente para a súa sinatura.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS INCLUIDAS NO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS.

En Vigo a _____

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación que desta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, Don Carlos Mouriño Atanes, con DNI: 35921669Q, en calidade de Presidente do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e en representación desta entidade, segundo poder contido na

escritura outorgada perante o Notario de Vigo D. Jose Pedro Riol López, o 4 de decembro de 2013, co nº 2.073 do seu protocolo.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente a capacidade e representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que os artigos 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 80.2.n) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación á Comunidade Autónoma de Galicia, atribúen ás Administracións municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo colaborar na consolidación dunha rede de infraestruturas deportivas aberta a participación do maior número de entidades deportivas e optimizar os recursos das infraestruturas deportivas existentes na cidade, mellorando as condicións e a capacidade das mesmas.

III.- Que o estadio de fútbol municipal de Balaídos é a instalación deportiva máis representativa da cidade en canto que no mesmo disputa os seus encontros oficiais o Real Club Celta de Vigo, militante nas máis altas divisións do fútbol español.

IV.- Que o proxecto inicial do estadio, redactado polo arquitecto Jenaro de la Fuente a principios do século pasado, plasmouse nunha obra que, alonxada do proxecto orixinal, foi obxecto de sucesivas obras de mellora e ampliación, a última das cales —a demolición e reconstrución da nova Grada de Río— data xa de principios dos anos 80, con ocasión da elección de Vigo como unha das sedes do Mundial de Fútbol de 1982; polo que na actualidade o Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, carace da operatividade e funcionalidade que hoxe require este tipo de equipamento deportivo.

V.- Que a importante proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que implica a presenza do Real Club Celta de Vigo nas altas divisións do fútbol español, coa súa significativa incidencia en importantes sectores económicos da Cidade, dunha parte, e a antigüidade e inadecuación das actuais instalacións do estadio ás necesidades actuais, por outra, moveron ao Concello de Vigo a iniciar o necesario proceso de transformación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos co fin de modernizar e adaptar as súas instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa, das mesmas, así como a transformar a imaxe obsoleta do recinto, co obxecto de proporcionar ás instalacións unha imaxe formal conxunta e identificativa do estadio.

VI.- Que o dito proceso de transformación foi iniciado co encargo e redacción, por parte de arquitecto don Pedro de la Puente Crespo, en setembro de 2014, do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Balaídos”, que figura como anexo ao presente convenio. Dito Plan foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2014, e no mesmo se recollen as actuacións previstas como necesarias aos indicados fins, agrupadas e secuenciadas de xeito ordeado para evitar retrasos e interferencias coa actividade habitual da instalación deportiva; que conta cun presuposto estimado total é de 29.453.535,80 euros.

VII.- Que o Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de

Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, na que se fixou o prazo de vixencia do convenio para a utilización das ditas instalacións ata o ano 2034.

VIII.- Que o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., que xa ven facendo nos últimos anos importantes inversións nas instalacións dos Estadio Municipal de Balaídos, cuxo importe, segundo manifestan supera xa os tres millóns de euros, e tras coñecer a iniciativa municipal de acometer a remodelación e modernización do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos considera que como entidade especialmente beneficiada polas obras previstas no devandito Plan Director, como usuaria do Estadio e responsable do seu mantemento en virtude do convenio anteriormente referido, non pode deixar de participar e colaborar na execución e financiamento deste proxecto.

IX.- Que o convenio de colaboración e un instrumento dos que, con carácter xeral e ó abeiro dos artigos 88.1 LRXPA, 111 TRRL e 4.1.d) e 25 TRLCSP —no que ás entidades locais especificamente se refire— poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2. I LRBRL).

X.- Que con estes antecedentes e sobre a base da conveniencia e oportunidade de articular a colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. no desenvolvemento do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 15 de decembro de 2014, acordan os termos de tal colaboración para o desenvolvemento de dito Plan Director, que se establece a través das seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

O Obxecto do presente convenio é establecer os termos da colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para o desenvolvemento de parte do proxecto de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos na cidade de Vigo, que se contén no “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 15 de decembro de 2014.

Os termos de colaboración entre ambas entidades se concretan na asunción por cada unha deles das obrigas que figuran na cláusula seguinte:

Segunda.- Obriga das partes:

A.- Obrigas do Real Club Celta SAD.

Poñer ao servizo do Concello de Vigo e da Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula cuarta do presente convenio, o persoal especializado con que esta entidade deportiva conta en cada unha das áreas concernidas para a execución do plan director de remodelación e modernización do estadio e de cada un dos proxectos nos que se concreta.

Contratar, executar e pagar, ata a cantidade máxima de 2.000,000,00 euros (dous millóns de euros), os estudos, proxectos, obras e demais actuacións complementarias, necesarias para a

execución do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”.

As concretas actuacións a executar e financiar por parte do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. serán parte das contempladas no “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos” para os anos 2014 e 2015, en relación coa remodelación e modernización das gradas de Río, Tribuna ou Preferencia e, dentro destas, as que a Comisión de Seguimento determine, a vista da proposta de plan de actuación que el Club le presente, trala sinatura do presente convenio; e que conterà de maneira detallada as actuacións propostas e a súa cuantificación económica.

Entre as obras e actuacións inclúense como prestacións desta entidade deportiva a imputar á dita cantidade máxima de 2.000.000,00 euros, a execución das obras do proxecto de reparación de gradas, substitución de barandillas e asentos na grada de Tribuna do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 29 de agosto de 2014, co número de expediente 13344/333, e a de executar previa aprobación del correspondiente proxecto técnico polo Concello de Vigo, as obras do proxecto de “Primeira fase”, “Grada de Preferencia”, e unha “Segunda Fase”, “Grada de Tribuna e Cuberta”. Dito proxecto será contratado directamente polo Real Club Celta de Vigo, SAD. Tamén a execución da primeira fase do proxecto “Grada de Preferencia”, para o cal seleccionará a mellor proposta económica entre un mínimo de tres ofertas de empresas construtoras, debendo comunicar ao Concello de Vigo as actuacións desenvoltas antes do inicio das obras. Na execución das mesmas deberán cumprirse todos os requisitos técnicos esixidos pola Lei de Edificación e o PXOM de Vigo.

A execución desta primeira fase das obras da “Grada de Preferencia”, terá un prazo máximo de 4 meses, contados dende a data da autorización do seu inicio polo Concello de Vigo.

Cando as obras derivadas deste compromiso sexan recibidas polo Concello o Real Club Celta de Vigo, SAD, deixará de ter responsabilidade de calquera tipo, presente nin futura (derivada da Lei de ordenación de edificación, nin de outra normativa, civil, mercantil, administrativa ou de calqueira indole).

A cambio o Real Club Celta SAD, se obriga a integrar na dirección facultativa da obra a un técnico competente que designe o Concello para velar pola correcta execución das obras e a esixir ao contratista a constitución dunha garantía (aval, seguro, etc.) por importe do 60 % do custe de cada unha das obras pendentes de execución a data da sinatura deste convenio, que terá unha duración de 10 anos e cubrirá a responsabilidade decenal por defectos da obra e os vicios ocultos que poideran aparecer, a favor do Concello de Vigo.

Finalmente, a colaborar co Concello de Vigo en calquera outro aspecto técnico de asesoramento no desenvolvemento e execución do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”.

B.- Obrigas do Concello de Vigo:

–Colaborar e asistir o Real Club Celta a través do seu persoal técnico, para o mellor e máis adecuado cumprimento por esta entidade deportiva das obrigas asumidas a virtude do presente convenio e realizar o seguimento da execución das actuacións aprobadas, certificando a execución final das mesmas.

–Recepcionar as obras da fase “grada de preferencia” dentro do prazo máximo de 15 días dende a comunicación por parte do Real Club Celta, SAD.

Se as obras se atopan en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, no proxecto contratado, o Concello de Vigo daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando a contar o prazo de garantía estipulado no proceso de contratación das obras por parte da empresa adxudicataria das obras.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e a dirección facultativa das mesmas sinalará os defectos observados e impartirá as instrucións precisas, fixando o prazo para subsanalas. Se transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuara, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable.

–Asumir todas as responsabilidades inherentes a súa condición de titular do inmovible “Estadio Municipal de Balaidos”, unha vez asinada a acta de recepción favorable en relación coas obras da fase “Grada de Preferencia”.

–Inspeccionar que se axustan os correspondentes proxectos, ordeando as modificacións necesarias no seu caso.

–Desenvolver as xestións oportunas con outras Institucións ou Entidades publicas ou privadas, co obxecto de atopar propostas de colaboración económica para o cofinanciamento das actuacións necesarias para o desenvolvemento xeral do Plan Director, e de forma expresa en relación a este convenio, para a execución da Fase “Grada de Tribuna”, para a que se establece como prazo máximo de referencia, o inicio da tempada deportiva 2015/16.

Terceira. - Xustificación das actuacións realizadas.

1.- O Real Club Celta de Vigo S.A.D., deberá presentar ao Concello de Vigo unha memoria xustificativa de cada unha das actuacións realizadas e o seu custe, coa xustificación documental dos gastos do investimento, mediante a achega de copia compulsada das facturas orixinais e, nos casos de execución de obras, da certificación final da obra executada.

Finalizada a obra o Real Club Celta, SAD, deberá entregar ó Concello de Vigo un documento final de obra en formatos papel e dixital, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e certificación final da obra, xustificando as posibles desviacións respecto ao presuposto do proxecto aprobado.

2.-O Concello recibirá as obras só cando conten co informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Cuarta. - Publicidade.

En todas as informacións que se publiquen ou anuncien sobre este convenio ou a execución do Plan Director De remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaidos, figurará de maneira visible o nome e anagrama das entidades que participen nos mesmos.

Quinta. - Vixencia.

O presente convenio surtirá efectos desde a data da súa sinatura e continuará en vigor ata a total execución do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”, fixando as partes como data límite o 30 de xuño de 2017.

Sexta.- Extinción.

O convenio extinguirase polo seu cumprimento coa total execución das obras previstas do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos” e nos proxectos que o desenvolvan.

Tamén poderá resolverse con antelación en caso de incumprimento por calquera das partes das obrigas asumidas nel, coa indemnización dos danos e prexuízos que unha parte poida causar a outra derivados do mesmo.

Sétima.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento do convenio integrada por dous representantes do Concello -un dos cales a presidirá- e dous do Real Club Celta de Vigo, SAD. Ademais integraranse en ela dous representantes mais por cada unha das entidades que colaboren no proxecto.

A comisión terá as seguintes finalidades:

a.- Seguir e impulsar a realización dos estudos e actuacións necesarias para a execución do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos”.

b.- Concretar as actuacións do proxecto a executar e financiar polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D.

c.- Propoñer aos órganos competentes das respectivas entidades a aprobación dos proxectos e actuacións a realizar para a dita execución.

d.- Coñecer e resolver incidencias que se produzan no desenrolo do convenio e de xeito especial a coordinación da execución das obras a realizar por cada unha das entidades asinantes do mesmo, ao coincidir no tempo a súa realización e recaer estas sobre as mesmas instalacións

e.- Interpretar as dúbidas e lagoas que se poidan presentar na execución do convenio ou do Plan Director, ou calquera outra iniciativa necesaria para a consecución dos obxectivos propostos.

Os membros da Comisión de Seguimento poderán estar asistidos polo persoal técnico, propio ou contratado ao efecto, que se estime pertinente en función da natureza das cuestión plantexadas.

Oitava.- Réxime aplicable.

O presente convenio conta con natureza administrativa e rexerese na súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para coñecer as cuestións litixiosas derivadas do mesmo, para o cal as partes se someten expresamente a xurisdición dos Xulgados e tribunais de Vigo.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio, por duplicado exemplar e a un solo efecto no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

*Alcalde-Presidente do Concello de Vigo
Don Abel Caballero Álvarez*

*Presidente do Real Club Celta SAD
Don Carlos Mouriño Atanes*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.